

ACTA NÚMERO 08/09
XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO
E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA

<p>ASISTENTES</p> <p>POLA DIRECCIÓN:</p> <p>D. FRANCISCO JAVIER CARAMES CASAL D^a. PILAR RIBEIRO MARTINEZ D^a. ANA M^a CAPDEVILA ARGÜELLES D. JUAN CARLOS FUEGO LOMBARDEIRO D^a. BELEN VAZQUEZ PACHECO</p> <p>POLA COMISIÓN DE CENTROS:</p> <p>D. XOSE LOIS MARTINEZ FDEZ-CSI-CSIF D^a HERMINIA VÁZQUEZ NIEVES-CEMSATSE D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE D^a. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE D^a. CARMEN GARCIA RIVAS-CEMSATSE D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA D^a. DAMIANA GULLON DOMINGUEZ-SGPS D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO. D^a. ALASNE ACHALANDABASO CUBAS- UGT</p>	<p>En Vigo, ás nove horas do día dezaseis de decembro de dous mil nove, reúnen-se na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:</p>
--	---

-- ORDE DO DÍA --

1. Pediatría no SAP de Coia.
2. Explicación á situación do almacén de Coia
3. Actualización dos carteis indicativos das consultas. Web Xerencia sen actualizar novos cargos directivos
4. Substitucións nos centros durante o período do nadal.

PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.

Queda pendente de aprobación para a seguinte xuntanza a acta 07/09 da reunión celebrada o día 10 de novembro de 2009.

Solicitan que nas Actas da Comisión de Baremación non figuren as persoas co nome do seu sindicatos senón como representantes do Comité de Centro.

PUNTO SEGUNDO.- PEDIATRIA NO SAP DE COIA.

- XERENCIA: O horario que veñen facendo é o mesmo que viñan facendo desde fai un ano. Esta situación vaise reverter (no mes de xaneiro) pasadas as vacacións de Nadal.

- CC.OO.: Preguntan que vai pasar co persoal non sanitario dos centros que teñen que pechar máis tarde. Esta situación vense producindo dende hai tempo no da Rúa Cuba.
- XERENCIA: Vaise tratar este tema co centro para tratar de revolve-lo

PUNTO TERCEIRO.- EXPLICACIÓN Á SITUACIÓN DO ALMACÉN DE COIA.

- XERENCIA: Mantivéronse reunións co persoal de Coia e previuse na organización a adquisición de 2 armarios. A semana pasada xa chegaron os armarios e o venres xa quedou arranxado o tema.

PUNTO CUARTO.- SUBSTITUCIÓN NOS CENTROS DURANTE O PERIODO NAVIDEÑO

- XERENCIA: Substitucións en médicos e pediatras, cubriranse segundo a necesidade. Ás veces xorden baixas que non é posible cubrilas por falta de efectivos.

VARIOS.- I.T. – PARTES.

- COMISION DE CENTRO: Hai un problema cos partes de I.T., antes podíamos entrar no SIGAP e era máis fácil. Agora metéusenos a todos en IANUS e é bastante complicado, é tan pechado que non permite resolver.
- XERENCIA: Aquí hai un tema dun programa, manifestamente mellorable e xuntouse cun problema de formación.
As queixas canalizáronse e estase a traballar na súa modificación.
- COMISION DE CENTRO: Todos os desprazados de fóra da comunidade non están nin IANUS, hai que utilizar a receita manual
- SATSE: Solicito información do estado de execución dos acordos.
- XERENCIA: Informarase na próxima reunión

Remata a reunión as dez horas e trinta minutos do día sinalado.